



13 de febreiro de 2019
9.30-14.00 h
Pavillón de Deportes
Campus de Vigo

**Entrada de balde; é imprescindible
reservar para grupos de máis de dez
persoas**
sie@uvigo.es

Programa

9.30 h Recepción dos e das participantes no punto de encontro situado na pérgola de Filoloxía e Tradución (¹ [42.170479](tel:42.170479), [-8.679135](tel:-8.679135))

10.00-11.00 h e 12.00-13.00 h Charla informativa de carácter xeral impartida polo persoal da vicerreitoría no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo. Nela explicárase a oferta de titulacións nos tres campus, os servizos da Universidade de Vigo e as novidades sobre as probas de avaliación do bacharelato para acceder á universidade (ABAU). (² [42.170287](tel:42.170287), [-8.680896](tel:-8.680896))

10.00-14.00 h (³ [42.172453](tel:42.172453), [-8.681216](tel:-8.681216)) Visita ao pavillón de deportes. Alí haberá catro zonas diferenciadas:

- 1) Posto de cada centro onde as e os participantes terán a oportunidade de coñecer polo miúdo a información dos diferentes estudos ofertados na Universidade de Vigo.
- 2) Delegacións e asociacións estudiantís para atender e asesorar o alumnado interesado sobre temas concretos da universidade e da vida universitaria.
- 3) Servizos da Universidade de Vigo onde o seu persoal informará sobre bolsas e axudas, deportes, voluntariado e cooperación, cursos de linguas, residencias universitarias, mobilidade internacional, cultura e ocio...
- 4) Obradoiros en que as persoas participantes poderán realizar algunha actividade lúdica relacionada coa oferta de títulos da universidade: «Literatura galega», «As novas palabras da lingua galega», «Visión infravermella: unha nova forma de contemplar o mundo», «Microscopios e lupas con preparacións biolóxicas, exemplares de distintas especies de organismos e cultivos in vitro de plantas», «As actividades das Ciencias do Mar», «Saídas profesionais dos historiadores», «A cor na ciencia», «Calidade do aire», «Deseño de cartel publicitario», «Corrección de cor dunha curta publicitaria»...

